TRABALLO SOBRE :
O único que queda é o amor de
Agustín Fernández Paz.

1. Un radiante silencio:

- **Resume brevemente o argumento deste relato.**
- **Serías capaz de deixar de lado as túas pasións para conseguir as túas ambicións máis materialistas?**

2. Amor de agosto:

- **O protagonista deste relato garda as cartas de Laura, quen era esa rapaza? Narra que se propón realizar con elas ao final da historia.**
- **O protagonista conta que a súa historia sucedeu no 1968, cando en París a xente da súa idade, 17 anos, «facía a revolución polas rúas». A revolución parisina á que se refire o protagonista é o coñecido como «Maio francés do 68». Busca información sobre este momento histórico e explica coas túas palabras que aconteceu.**

3. Esta estraña lucidez:

- **Quen narra este conto, e que relación ten o título coa situación que vive o narrador?**
- **Argos é un nome grego que significa "brillante" e que en realidade é o nome de varios personaxes míticos da Antiga Grecia. Busca información sobre algún deles.**

4. Unha historia de fantasmas:

- **A protagonista desta historia está buscando o seu Finisterre particular, con quen realiza o Camiño se Santiago?**
- **Que ocorre durante unha das noites nun albergue? Resume o suceso.**

5. Ríos da memoria.

- **Por que era tan importante para María voltar ao pobo onde pasou a súa infancia?**
- **Con quen vai? Cres que se sente acompañada e comprendida? Por que?**

6. Loanza da filatelia:

- **Que coleccionaba Ernesto Soutelo?**
- **Conta que sorpresa gardaba o personaxe principal deste conto ao final da historia.**

7. Unha foto na rúa :

- **Daniel e Diana, personaxes desta historia, están unidos por unha peculiar trama. Resume o que los une.**

8. Meditación ante el álbum de fotos familiares:

- **Conta o suceso que fai que o narrador mire as fotografías familiares cunha curiosidade especial.**

9. Después de tantos años:

- **Ao comenzo do relato, á protagonista comunícanlle que morreu alguén. Como se chama? Conta que é o que a unía a ese personaxe, e que promesa fai a protagonista ao final do relato.**
- **Segundo o protagonista deste relato " sempre nos quedan os recordos" Que**

recordos gardarías nun baúl.

10. Un río de palabras:

- **Explica que idea se lle ocorre ao protagonista do relato.**
- **Imaxina que vas colgar un cartel cun fragmento do teu libro favorito, que libro elixirías?**
- **Escribe o fragmento.**

11. Por que cres que o autor escolleu esta frase para comezar o seu libro de relatos?

12. Que relato che gustou máis? Resúmeo brevemente.

13. Que personaxe che resultou máis simpático? Explica por que...

14. Que personaxe che resultou máis antipático? Explica por que...

15. Ao longo dos relatos cítanse varios escritore e obras literarias. Elabora unha lista.

ESCRITORES: **OBRAS LITERARIAS:**